Expirado o prazo de presentación de instancias o alcalde-presidente ou concelleiro/ delegado/a ditará, no prazo dun mes, resolución pola que se declarará aprobada a lista provisional dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Indicaranse así mesmo, os/as candidatos/as que quedan eximidos da realización do exame de galego. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Sarria https://sarria.sedelectronica.es

4.2. Prazo de reclamacións.

Os/as aspirantes non admitidos/as disporán dun prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no Boletín Oficial da Provincia, co fin de emendar o defecto que motivara a súa non admisión ou a non exención da proba de coñecementos da lingua galega.

Disporán do mesmo prazo de reclamación as persoas que, tendo presentado debidamente a solicitude de participación no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas na relación publicada.

Non se poderá emendar a presentación de solicitude fóra do prazo habilitado para este efecto, nin o non pagamento da taxa establecida.

4.3. Lista definitiva.

Unha vez que remate o prazo de reclamacións, o alcalde-presidente ou concelleiro/a delegado/a ditará resolución na que se aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as. Na mesma resolución establecerase o lugar, data e hora de celebración do primeiro exercicio. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Sarria https://sarria.sedelectronica.es

4.4. Comezado o proceso selectivo, a publicación dos sucesivos anuncios para a celebración de probas restantes, así como a listaxe dos/as aspirantes aprobados/as en cada exercicio, efectuarase no taboleiro da sede electrónica do Concello de Sarria https://sarria.sedelectronica.es

**5. TRIBUNAL CUALIFICADOR**

5.1. Na resolución de aprobación da listaxe definitiva, determinarase nominativamente a composición do tribunal cualificador, con titulares e suplentes, para xeral coñecemento, aos efectos dos supostos de abstención/recusación dos membros designados.

5.2. O tribunal cualificador nomearase de conformidade co artigo 55.1.c) e d) e artigo 60 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, así como garantindo a competencia técnica e o principio de especialidade, o nivel de titulación igual ou superior ao esixido nesta convocatoria e a paridade na súa composición, de conformidade ao establecido na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e estará composto do seguinte xeito:

- Presidente/a: persoal funcionario de carreira do Concello de Sarria ou doutra administración local (titular e suplente).

- Secretaria/o: persoal funcionario de carreira do Concello de Sarria ou doutra administración local (titular e suplente).

- Vogais: tres vogais funcionarios/as de carreira do Concello de Sarria ou doutra administración local (titulares e suplentes).

Sen prexuízo das competencias de ordenación material e temporal propias da Academia Galega de Seguridade Pública, correspóndenlle ao tribunal as funcións relativas á determinación concreta do contido das probas, a cualificación das persoas aspirantes, a emisión de cantos informes lle sexan requiridos derivados da súa intervención no proceso selectivo, así como, en xeral, a adopción de cantas medidas sexan precisas na orde do correcto desenvolvemento das probas selectivas e resolución de incidencias.

Anuncio publicado en: Num BOP 17 año 2024 (20/01/2024 08:00:00)

O tribunal poderá dispor da incorporación de asesores especialistas cando as circunstancias así o aconsellen, os que actuarán con voz e sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os/as interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

A persoa titular da presidencia deberalles solicitar aos membros do tribunal e, de ser o caso, ao persoal asesor e ao persoal auxiliar que incorpore aos seus traballos unha declaración expresa de non atoparse incursos en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

5.3. Publicarase no BOP a resolución correspondente pola cal se nomeen os novos membros do tribunal que substituirán os que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base anterior.

5.4. O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros, sendo preceptiva a asistencia do/da presidente/a e do/da secretario/a, titular ou suplente.

5.5. O tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas e propostas poidan presentarse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto nas presentes bases e normativa aplicable. O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público.

5.6. Os acordos adoptados polo tribunal cualificador serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Os membros do tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do tribunal de acordo co disposto no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, ou norma que a substitúa.

5.7. En ningún caso o tribunal poderá aprobar nin declarar que superou o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

5.8. No proceso de provisión de postos o tribunal actuará como órgano de valoración dos méritos, realizando a proposta de adxudicación.

**6. PROCESO DE PROVISIÓN.**

6.1.- O proceso efectuarase polo sistema de concurso, de conformidade co baremo de méritos que se establede o anexo III da Orde do 28 de xaneiro de 2009, que non terá carácter eliminatorio e consistirá na valoración, por parte do tribunal, dos méritos que concorran nas persoas aspirantes.

6.2.- Soamente se terán en conta os documentos acreditativos que aquelas presentasen ata o peche do prazo de presentación de solicitudes, sen que se poidan presentar méritos en período de alegacións. Non se tomarán en consideración nin serán valorados os méritos que non queden debidamente acreditados en todos os seus aspectos no momento da finalización do prazo de presentación de instancias.

6.3.- O tribunal procederá á baremación dos méritos e publicaraa no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Sarria https://sarria.sedelectronica.es, con indicación da puntuación obtida por cada aspirante.

6.4.- Contra a baremación, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamacións, ante o propio tribunal, no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da baremación.

6.5.- Os méritos a valorar e o baremo de puntuación para cada un son os seguintes:

| 1. Titulacións académicas oficiais | PUNTOS |
|---|---|
| | |
| – Título universitario de posgraduado, doutor ou equivalente | 3,00 |
| – Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente | 2,00 |
| – Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en Criminología, Ciencias Policiais ou equivalente | 1,50 |
| Bacharelato técnico ou equivalente | 0,50 |

Anuncio publicado en: Num BOP 17 año 2024 (20/01/2024 08:00:00)

En relación coa aplicación dos baremos, débense ter en conta as seguintes normas:

- Titulacións académicas: non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría a que se aspira, salvo que se posúa máis dunha. Tampouco se terán en conta, a efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregaron como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.
- A efectos de equivalencia de titulación, só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, debendo presentarse a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición en que se estableza esta e, no seu caso, o BOE en que se publicou. Só valoraranse os títulos antes citados, non os cursos

realizados para a súa obtención

| 2. Antigüidade como funcionario de carreira | PUNTOS |
|---|---|
| | |
| – Cada ano de servizo, ou fracción superior a seis (6) meses, nos corpos de policía local | 0,20 |
| – Cada ano de servizo, ou fracción superior a 6 meses, noutro corpo de seguridade | 0,10 |
| – Cada ano de servizo, ou fracción superior a 6 meses, noutro corpo de calquera Administración pública. | 0,05 |

| 3. Formación profesional e docencia | PUNTOS | |
|---|---|---|
| | | |
| Como alumno da Agasp ou en actividades conveniadas | Asistenc | Aproveit |
| – Cada hora en actividades de tipo presencial | 0,015 | 0,025 |
| – Cada hora en actividades de formación en liña | 0,010 | 0,020 |
| Como alumno noutras actividades alleas á Agasp | Asistenc | Aproveit |
| – Cursos ou actividades ata 20 horas | 0,20 | 0,30 |
| – Cursos ou actividades entre 21 e 40 horas | 0,35 | 0,50 |
| – Cursos ou actividades entre 41 e 70 horas | 0,45 | 0,65 |
| – Cursos ou actividades entre 71 e 100 horas | 0,50 | 0,75 |
| – Cursos ou actividades entre 101 e 200 horas | 0,75 | 1,00 |
| – Cursos ou actividades de máis de 200 horas | 1,00 | 1,30 |
| Como profesor da Agasp ou en actividades conveniadas | | |
| – Cada hora en actividades de tipo presencial | 0,020 | |
| – Cada hora en actividades de formación en liña | 0,015 | |
| Como profesor noutras actividades alleas á Agasp | | |
| – Cada hora en actividades de tipo presencial | 0,015 | |
| – Cada hora en actividades de formación en liña | 0,010 | |

Anuncio publicado en: Num BOP 17 año 2024 (20/01/2024 08:00:00)

| |
|---|
| – Formación e docencia: non se terán en conta, a efectos de valoración:<br><br>- Os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguridade.<br><br>- Os cursos repetidos, salvo que transcorrese un período superior a cinco (5) anos desde a finalización do primeiro curso.<br><br>- Os cursos necesarios para a obtención das titulacións do epígrafe A.1 do anexo III da Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policías locais, para a integración dos vixiantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixiantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada, nin a superación de materias destes.<br><br>– En relación coa docencia, tanto como docente da Agasp como fóra do devandito ámbito, só serán avaliadas aquelas participacións en accións formativas que sexan de manifesto interese policial, dirixidas, en particular, aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguridade, desenvoltas nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua. O mesmo curso impartido en máis dunha ocasión só computará unha vez, salvo<br>que transcorrese un período superior a cinco (5) anos desde a súa realización |

| 4. Distincións e recompensas oficiais | PUNTOS |
|---|---|
| | |
| – Placa individual ao mérito da policía local | 2,00 |
| – Placa colectiva ao mérito da policía local | 1,50 |
| – Medalla ao mérito da policía local | 1,00 |
| – Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos | 0,75 |
| – Distincións do órgano colexiado competente do concello | 0,25 |

| 5. Idiomas | PUNTOS |
|---|---|
| | |
| Coñecemento de idiomas, distintos do español e do galego, acreditados por certificado de escola oficial de idiomas (EOI) | |
| A) Ciclos. | |
| – Certificado de superación do ciclo elemental | 1,00 |
| – Certificado de superación do ciclo superior | 2,00 |
| B) Niveis. | |
| – Certificado superación nivel básico | 0,65 |
| – Certificado superación nivel intermedio | 1,30 |

Anuncio publicado en: Num BOP 17 año 2024 (20/01/2024 08:00:00)

| | |
|---|---|
| – Certificado superación nivel avanzado | 2,00 |
| Só se terán en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten | |

| 6. Lingua galega | PUNTOS |
|---|---|
| | |
| Coñecemento da lingua galega, segundo acreditación | |
| – Celga 1 | 0,25 |
| – Celga 2 | 0,50 |
| – Celga 3 | 0,75 |
| – Celga 4 | 1,00 |
| – Curso de iniciación | 0,75 |
| – Curso de perfeccionamento | 1,00 |
| – Curso de linguaxe administrativa nivel medio | 1,50 |
| – Curso de linguaxe administrativa nivel superior | 2,00 |
| Só se terá en conta o título de máis nivel dos que se acrediten | |

6.6.- No proceso de valoración poderá recabarse formalmente das persoas aspirantes as aclaracións, ou no seo caso, a documentación adicional que se estime necesaria para a comprobación dos méritos alegados.

O orden de prelación das persoas aspirantes que serán propostas para a adxudicación das prazas convocadas se efectuará de acordo á suma das puntuacións obtidas na fase de concurso. O número de persoas propostas non poderá ser superior o de prazas convocadas no proceso.

6.7.- A puntuación obtida por cada candidato pubicaráse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Sarria https://sarria.sedelectronica.es e no caso de producirse un empate na puntuación final, a orde na relación faráse de acordo cos seguintes criterios:

6.8.- De conformidade co establecido no artigo 34 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, de producirse empate nas puntuacións finais obtidas por dúas ou máis persoas aspirantes, aplicaranse os seguintes criterios de prelación ata producir o desempate:

- Preferencia á muller, mentres se manteña a infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos expresados polo artigo 49 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Maior antigüidade na categoría e, de persistir o empate e resultar posible, na categoría inmediata inferior, e así de maneira sucesiva.
- Primarase a puntuación máis alta referida aos méritos no epígrafe de formación profesional.
- Primarase a posesión de titulación académica de máis nivel.

6.9.- No caso de persistir o empate despois da aplicación dos criterios anteriores, realizarase un sorteo entre as persoas aspirantes.

**7. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN. TOMA DE POSESIÓN**

7.1.- O tribunal enviará ao Alcalde a proposta de adxudicación dos postos convocados a favor das/dos aspirantes que, en número non superior o de prazas convocadas e ordenados segundo a puntuación acadada, tiveran superado o proceso de provisión.

Esta proposta será elevada a definitiva por resolución do Alcalde, resolución que se publicará no Boletín Oficial da Provincia. O tribunal poderá declarar desertas aquelas prazas obxecto da presente convocatoria que non resulten cubertas por non superar o proceso de provisión o número suficiente de aspirantes.

Anuncio publicado en: Num BOP 17 año 2024 (20/01/2024 08:00:00)

7.2.- En aplicación do artigo 41 do DECRETO 15/2023, de 12 de xaneiro, polo que se desenrola a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locales e de conformidade co artigo 43.6 da Lei 4/2007, do 20 de abril, os destinos adxudicados son irrenunciables, agás que con anterioridade á finalización do prazo posesorio obtéñase outro destino mediante convocatoria pública.

Nese caso a persoa adxudicataria poderá optar e comunicar a opción elixida.

Unha vez comunicada esta circunstancia ao concello convocante da praza á que renuncia, poderá tomar posesión da outra praza obtida en paralelo noutra convocatoria pública.

O tribunal, realizará neste suposto unha segunda e, no seu caso, sucesivas propostas, en favor da persoa candidata que obtivese a seguinte mellor cualificación no concurso.

A previsión do número anterior sería aplicable tamén no caso de que a persoa candidata proposta non reúna os requisitos de participación, unha vez que sexan comprobados.

7.3.- Ademáis do suposto anterior, e co fin de asegurar a cobertura das prazas convocadas, o Alcalde poderá requerir do tribunal do proceso de provisión, unha nova proposta de adxudicación a favor dos/das aspirtantes que, en número non superior ao das non cubertas por calquera outro motivo e segundo a orde de puntuación obtida, tiveran superado o proceso de provisión.

7.4.- As persoas funcionarias seleccionadas cesarán no seo Concello de orixe no prazo dos cinco días seguintes á publicación da resolución do concurso, e tomarán posesión no prazo dos dez días seguintes ao cesamento sin perxuizo da aplicación das restantes normas específicas que para esta situación establece o artigo 42 do DECRETO 15/2023, de 12 de xaneiro, polo que se desenrola a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locales, así como cantas outras resulten de aplicación con carácter xeral.

**8. RECURSOS**

8.1.- Contra o acordo de aprobación das presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo de un mes a contar desde a súa publicación; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante a xurisdicción Contencioso-Administrativa de Lugo que corresponda, no prazo de dous meses, desde a súa publicación.

8.2.- Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo se se interpuxera o potestativo de reposición, en tando non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición.

Anuncio publicado en: Num BOP 17 año 2024 (20/01/2024 08:00:00)

**ANEXO I - SOLICITUDE DE ADMISIÓN A PROCESO SELECTIVO**

CONVOCATORIA

| | |
|---|---|
| Praza | Policía local (Mobilidade) |

DATOS PERSOAIS

| | | |
|---|---|---|
| Primeiro Apelido | Segundo Apelido | Nome |
| DNI | Sexo Varón / Muller | Data de nacemento |
| Lugar de nacemento | | Nacionalidade |
| Enderezo | | |
| Código postal | Localidade | |
| Teléfono 1 | Teléfono 2 | e-mail |

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA COA INSTANCIA (sínálese cun X no recadro correspondente).

- Fotocopia do documento nacional de identidade
- Titulación requirida.
- Certificado acreditativo de ostentar, en propiedade, a categoría de policía nos corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia, de estar en servizo activo na devandita categoría, de contar cunha antigüidade mínima de tres anos nesa categoría, de levar máis de tres anos de tempo efectivo e continuado no actual destino e de non atoparse en situación administrativa de segunda actividade, salvo os casos de segunda actividade por embarazo ou lactación.
- Xustificante do aboamento da taxa de exame
- Relación dos méritos que se acrediten, por cada un dos apartados dos que consta o concurso, segundo o especificado no apartado "6. PROCESO DE PROVISIÓN".
- Copias da documentación acreditativa dos méritos alegados. Esta documentación acreditativa dos méritos deberá presentarse na orde no que figura cada un dos méritos na relación de méritos.

A persoa abaixo asinante solicita ser admitida no proceso selectivo ao que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nesta convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude.

O solicitante autoriza ao uso dos datos consignados nesta instancia aos efectos previstos nas bases da convocatoria das probas selectivas.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

Sarria, de de

SR. ALCALDE CONCELLO DE SARRIA (LUGO)

Anuncio publicado en: Num BOP 17 año 2024 (20/01/2024 08:00:00)

Sarria, 18 de xaneiro de 2024.- O Alcalde de Sarria, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 0159

# MINISTERIO DE FACENDA

## BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS (BDNS) - XOVE

*Anuncio*

**EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2024-0052 DO 16 DE XANEIRO DE 2024 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO CONCURSO DE ELABORACIÓN DE CARETAS DE ENTROIDO**

BDNS (Identif.): 739747

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/739747)

**Primeiro. Beneficiarios, requisitos e prazo de presentación de solicitudes de participación.**

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destas axudas calquer/a neno/a ou rapaz/rapaza empadroado/a no Concello de Xove en idade escolar (desde preescolar ata 4º de ESO).

A documentación a presentar será a seguinte:

-Ficha de inscrición establecida ao efecto

A ficha de inscrición deberá presentarse, xunto coa careta ou caretas a concursar, na Biblioteca Municipal), con data límite 2 de febreiro de 2024.

**Segundo. Obxecto**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de confección de caretas de entroido organizado polo Concello de Xove.

**Terceiro. Bases reguladoras**

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/

**Cuarto. Contía dos premios**

Haberá cinco categorías: Preescolar (nenos/as de 3,4 e 5 anos); 1º e 2º de Primaria; 3º e 4º de Primaria; 5º e 6º de primaria e 1º a 4º de ESO. En cada unha destas categorías haberá tres premios, un primeiro, un segundo e un terceiro premio. Ningún participante poderá optar a máis dun premio, aínda cando tivese presentado máis de unha careta.

Os premios consistirán en lotes de material escolar cunha valoración de 35,00 euros. O xurado poderá deixar deserto calquera dos premios, se así o considera oportuno. Neste caso, a contía total destinada aos premios poderá repartirse en partes iguais entre os gañadores.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

Xove, 17 DE XANEIRO DE 2024.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0140

*Anuncio*

**EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2024-0051 DO 16 DE XANEIRO DE 2024 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO CONCURSO DE DISFRACES DE ANTROIDO DO CONCELLO DE XOVE PARA O EXERCICIO 2024**

BDNS (Identif.): 739776

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/739776)

**Primeiro. Requisitos dos participantes.**

Poderán participar no concurso e ser beneficiarios destas axudas, calquera particular, asociación ou entidade

Anuncio publicado en: Num BOP 17 año 2024 (20/01/2024 08:00:00)

legalmente constituida así como os “grupos ocasionais” que cumplan as condicións previstas nestas bases. Neste último caso, os seus integrantes deberán nomear un representante debidamente autorizado para actuar no nome do grupo. Só poderá presentarse unha solicitude por entidade ou grupo.

**Segundo. Obxecto**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de disfraces do desfile de antroido organizado polo Concello de Xove para o Sábado día 18 de febreiro de 2023.

**Terceiro. Bases reguladoras**

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/

**Cuarto. Documentación a presentar e límite de presentación de solicitudes para participar no concurso.**

A documentación a presentar será a seguinte:

1.- Particulares

-Ficha de inscrición establecida ao efecto

-Copia do N.I.F. do concursante ou titor, para o caso de menores de idade

2.- Asociacións legalmente constituidas e “grupos ocasionais”.

-Ficha de inscrición establecida ao efecto. Deberá indicarse o nome, apelidos e N.I.F. do representante do grupo.

-Copia do N.I.F. do representante do grupo

-Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (só para o caso de asociacións legalmente constituidas)

A ficha de inscrición deberá presentarse en todo caso, con carácter previo á celebración do desfile, ben personándose nas dependencias do Concello de Xove-Oficina do Técnico de Cultura ata o venres anterior á data de celebración do desfile, ou ben o mesmo día do desfile no punto de saída (Nave-almacén sita á carón do campo de fútbol municipal) ata media hora antes do comenzo do desfile. A restante documentación poderá presentarse de xeito simultáneo á ficha de inscrición ou, en todo caso, con carácter previo ao acordo de concesión dos premios. Serán rexeitados aqueles participantes que aínda constando como beneficiario dun premio na acta asinada polo xurado do concurso, non entreguen a documentación que se recolle neste artigo antes do acordo de concesión.

**Quinto.- Contía dos premios.**

A contía máxima destinada aos presentes premios é de 5.355,66 € (partida 338.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal de 2023 prorrogado para 2024).

**Carrozas.**

1º premio: 500 euros

2º premio: 350 euros

3º premio: 250 euros

4º premio: 250 euros

5º premio: 200 euros

6º premio: 200 euros

**Comparsas e grupos de dez persoas ou máis**

1º premio: 300 euros

2º premio: 250 euros

3º premio: 200 euros

4º premio: 200 euros

5º premio: 150 euros

6º premio: 150 euros

**Grupos de adultos de 3 a 9 persoas (a metade máis un dos compoñentes do grupo deben ser maiores de 14 anos)**

1º premio: 130 euros

Anuncio publicado en: Num BOP 17 año 2024 (20/01/2024 08:00:00)

2º premio: 100 euros

3º premio: 70 euros

4º premio: 70 euros

5º premio: 60 euros

6º premio: 60 euros

**Grupos infantís de 3 a 9 persoas (a metade máis un dos compoñentes do grupo deben ser menores de 14 anos)**

1º premio: 130 euros

2º premio: 100 euros

3º premio: 70 euros

4º premio: 70 euros

5º premio: 60 euros

6º premio: 60 euros

**Parellas adultos**

1º premio: 70 euros

2º premio: 60 euros

3º premio: 50 euros

4º permio: 50 euros

**Parellas infantís**

1º premio: 70 euros

2º premio: 60 euros

3º premio: 50 euros

4º permio: 50 euros

**Individuais adultos (de 14 anos en diante)**

1º premio: 60 euros

2º premio: 50 euros

3º premio: 40 euros

4º premio: 40 euros

**Individuais infantil (menores de 14 anos)**

1º premio: 60 euros

2º premio: 50 euros

3º premio: 40 euros

4º premio: 40 euros

**Premio ao disfraz mais orixinal (pode ser tanto individual como colectivo): 30,00 euros**

**Premio ao participante máis maior: 30,00 euros**

**Premio ao conxunto mais numeroso: 30,00 euros**

Asímesmo, o participante mais novo recibirá un agasallo en especie, valorado en 30 euros, polo que será o Concello quen faga fronte ao pago ao establecemento comercial no que se adquira, previa emisión da correspondente factura.

A contía dos premios anteriores é líquida. O RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, suxeita a retención os premios de contía superior a 300 euros. A porcentaxe de retención regulada no artigo 101.7 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, será de 19%.

De acordo co anterior, a contía bruta do primeiro premio da categoría de carrozas será de 617,28 euros; a do segundo, de 432,09 euros e a do terceiro e cuarto, 308,64 euros. Do mesmo xeito, a contía bruta do primeiro premio de comparsas e grupos de dez persoas ou máis será de 370,37 euros e a do segundo, 308,64 euros.

Anuncio publicado en: Num BOP 17 año 2024 (20/01/2024 08:00:00)

XOVE, 17 de xaneiro de 2024.- O ALCALDE, JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 0141

Anuncio publicado en: Num BOP 17 año 2024 (20/01/2024 08:00:00)